

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 29 DE OUTUBRO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e nove de outubro de dous mil dezaoto, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e tres minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján –incorpórase á sesión no punto 3 da orde do día-, D. Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna. María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 24 de setembro de 2018.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 19.09.2018 a 23.10.2018.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 19 de setembro de 2018 e o 23 de outubro de 2018.

PARTE RESOLUTIVA

3. MOCIÓN -INSTADA POLA PLATAFORMA EN DEFENSA DO FERROCARRIL PÚBLICO DO SUR DE LUGO- EN DEFENSA DO FERROCARRIL DO SUR DE LUGO.

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Os/as traballadores do ferrocarril e a veciñanza da comarca de Lemos asistimos con profunda preocupación a unha continua degradación dos servizos ferroviarios, sendo historicamente o ferrocarril un motor de desenvolvemento económico e social para a nosa comarca, un instrumento esencial para fixar poboación e polo tanto un factor importante no futuro estratéxico de todo o sur de Lugo.

O pasado 14 de setembro presentamos a Plataforma en defensa do ferrocarril público do sur de Lugo chamada "*Neste tren cabemos tod@s*". A problemática en canto ás infraestruturas e aos transportes é de sobra coñecida, centrámonos no ámbito ferroviario e reivindicamos unha serie de medidas reais e inmediatas que volva a poñer en valor o transporte ferroviario na nosa comarca.

As nosas reivindicacións a curto prazo dende esta plataforma son as seguintes:

- Relevo xeracional do persoal ferroviario e aumento do cadro de persoal en ambas as dúas empresas públicas de Ffcc.; Renfe e Adif, a internalización de todas as tarefas que foron externalizadas ao longo dos anos e cubrindo todas as baixas, tanto temporais por enfermidade como definitivas por xubilacións.
- Un aumento das frecuencias e os servizos rexionais que respondan ás necesidades reais que teñen os usuarios. O peche de estacións intermedias e a supresión de paradas netas, supón o aillamento dun bo número de poboacións no ámbito rural xa de por si incomunicado e deberían contar cuns servizos ferroviarios que garantan a mobilidade dos seus cidadáns; a creación dun enlace a Ourense a pri meira hora permitiría chegar a Santiago ás 8:33 e á Coruña ás 9:03, favorecería tanto a estudantes como a traballadores, así como un enlace co último tren que chega a Ourense procedente de Santiago.
- Impermeabilización da liña e a supresión dos pasos a nivel dentro do casco urbano de Monforte.
- Instalacións seguras para os viaxeiros no entorno da estación coa instalación de ascensores que comuniquen os andéns. É inaceptable que despois dunha reforma na estación de Monforte rececendo as plataformas, non se dispuxese a instalación de ascensores que faciliten o acceso aos usuarios, tanto por comodidade como por seguridade. Tamén vemos como a luminaria resulta ineficiente e incluso se observan desperfectos e desprendementos nas plataformas que foron renovadas hai relativamente pouco tempo.

En canto ao relevo xeracional, aínda temos recentes as baixas inesperadas de dous compañeiros do taller, que non se substitúen nin hai visos de faceto xa que se están a levar cargas de traballo estipuladas para o taller de Monforte, xunto coas máquinas e ferramentas necesarias para realizalas a outros talleres, o que amortiza postos de traballo estables e cualificados que tan necesarios son en nosa comarca para fixar poboación, lembremos que o taller contaba con 43 traballadores e hoxe en día conta con 13, pedimos a todos os concellos implicados que tomen unha posición activa e común para solventar estes problemas.

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal do Concello de Monforte de Lemos, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Que se dea traslado ao MINISTERIO DE FOMENTO a través da subdelegación do Goberno, así como ao PRESIDENTE DA XUNTA DE GALIZA, e a calquera outro organismo que poida axudar a acadar estas reivindicacións”.

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde dálle a palabra a D. Manuel Casanova Díaz, da Plataforma en defensa do ferrocarril público do sur de Lugo, que instou esta moción, segundo o previsto no art. 10º do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello:

D. Manuel Casanova Díaz dá as grazas por poder intervir. Le a moción presentada, con algunha explicación adicional. Despois de lela, refírese ao que dicía José Luis Sampedro sobre que o interese privado, que busca ganancias, e o público, que non sacrifica outras cousas, non teñen os mesmos obxectivos. Está a importancia dos postos de traballo. Espero que apoiades esta moción, pensando máis que en nós, no futuro, que non sexa pechar a porta. Moitas grazas.

A continuación, prodúcense as quendas ordinarias dos distintos Grupos municipais:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que pouco ten que aportar ao explicado por Manuel Casanova sobre a triste realidade ferroviaria, que pouco a pouco levamos sufrindo na nosa cidade: sen persoal, sen servizos, sen a supresión dos pasos a nivel –con 45 anos sígoo esperando-. Conten co noso voto a favor, e espero que así o fagamos tódolos membros da Corporación. Temos a obriga de defender o ferrocarril, tan importante que foi en Monforte.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que Esperta Monforte participou dende o primeiro momento con esta Plataforma e manifesto. Ben chegado sexa, aínda que fose necesario dende hai tanto tempo. Que Monforte recupere o taller e teñamos un tren con servizo en tempo e forma. Os de Pontevedra poden ir traballar á Coruña, e como iso, Vigo, Ourense ou Santiago. Se queremos que Monforte manteña poboación e incluso medre, isto é importante. Se se quere axudar ao rural, hai que demostralo, non só anunciálo. Moi ben explicado por Manuel Casanova. O meu voto a favor e a miña disposición a colaborar.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que felicita aos representantes da Plataforma ferroviaria e especialmente a quen interveu. Felicítalos non só por esta reivindicación, senón por dar o paso de facer esta Plataforma. Ogallá se tivese xa actuado así con anterioridade. Subscribimos o que vén de explicar. Nós somos partidarios de que o AVE veña a Galicia. Nestes anos téñense dado pasos importantes: eixo atlántico, transporte de mercadorías, eliminación de trámites administrativos, AVE, mellora da velocidade. Son elementos importantes a futuro, pero coincido no do persoal e servizos da nosa estación e outras carencias dela. No que atinxe ao taller, a carga de traballo debe acompañarse da debida renovación de persoal. Estas reivindicacións son xustas. Eu teño presentado iniciativas no Parlamento facéndome eco disto. Que sigamos xuntos tirando disto. Parabéns e anunciar o noso voto a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que apoian –dando os parabéns á Plataforma e ao seu portavoz nesta sala- o que propoñen. Hai que defender todo o que conleva o sector ferroviario e traballar por un futuro cun tren moderno e adecuado. Anuncio o voto favorable.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que hai que agradecer a Manuel Casanova e exposición feita neste Pleno. Monforte era a entrada de Galicia no século XIX, o ferrocarril aportou a Monforte e Monforte ao ferrocarril. Estou convencido de que ese papel debe seguir. Xa lle dixen a Manuel Casanova que contaría a Plataforma co noso apoio. Monforte ten un papel tanto en pasaxeiros como en mercadorías. Hai que estar atentos para que se vaian cumprindo as follas de ruta. As vosas demandas son as nosas: persoal, servizos, instalacións, mellora de liñas e demais. Dende 2010, en que sendo ministro José Blanco, saíu o estudo da variante de Monforte, non se avanzou nada, hai que volver a empezar de cero. Dos pasos a nivel anunciouse varias veces a supresión, pero non se chegou a licitar, falábase de cinco e son seis pasos. O goberno actual foi capaz en catro meses de contratar o anteproxecto de supresión. Estase traballando na supresión dos seis; se me solicitan unha reunión, explico os bosquexos. Sobre isto, virá a Monforte a presidenta de Adif. Apoiamos e vimos traballando nisto. É un beneficio para todos.

(Dna. Pilar López Martínez e Dna. Maribel García Díaz renuncian á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que lamenta que o Alcalde aproveite a ocasión das reivindicacións que compartimos para gabar ao goberno actual. Non di que o 2 de xaneiro de 2018, Adif licitaba a supresión na liña Monforte-Lugo. En 2010, tamén era ministro Pepe Blanco cando quedaron fóra cousas en Europa. En 40 anos de democracia, son 14 os de goberno do PP, é unha mala oportunidade para estas liortas. Estamos todos unidos nisto, pero é unha mala liña a súa, Sr. Tomé.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que ao mellor este é un dos motivos do que pasa, a partida de ping-pong entre quen gobernaron en Madrid. E por iso, Monforte está como está. Todos temos que remar cara ao mesmo.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que a verdade ás veces fai dano. Eu só digo a verdade, o de 2010 deixárono morrer. En Galicia, o Partido Socialista só estivo 6 anos no goberno, sobre 37 anos de autonomía. Anunciouse a supresión dos pasos a nivel e non foi feito na liña Lugo-Monforte. O seu presidente autonómico dixo que se o AVE non o resolvía Madrid, estaban eles. A realidade é que nada foi feito dende 2010. Máis alá diso, que conten co noso apoio. Se hai que asumir o que o PSOE fixese mal, vale, pero outros actuaron bastante peor.

4. MODIFICACIÓN DA DETERMINACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL ORZAMENTARIA DESTINADA Á ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓNS AOS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL.

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Intervención sobre a necesidade de dispoñer de máis crédito sobre a suma do inicial orzamentado e do acordado no Pleno do 25/06/2018, cifrándose esa necesidade nun incremento de 26.714,67 € sobre dita suma.

O art. 6º do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, di que lle *“corresponde ao Pleno da Corporación*

determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios”, aínda que despois sexa outro órgano municipal o que aprrobe a asignación concreta de gratificacións.

A cantidade inicial do orzamento de 2018 para gratificacións por horas extraordinarias da Policía Local ascende a 20.000,00 €. O incremento aprobado en xuño de 2018 foi de 20.742,42 €, co que resulta un importe de 40.742,42 €. Co incremento que agora se estima necesario de 26.714,67 €, quedaría un total de 67.457,09 €.

O informe de Intervención remata coa consideración de que se poida chegar en gratificacións ata o importe que se determine sen un expediente de modificación de créditos que lle corresponda aprobar ao Pleno, de non ser este necesario.

En consecuencia, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Modificar a determinación como cantidade global orzamentaria destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos, para que ascenda a un importe SESENTA E SETE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON NOVE CÉNTIMOS DE EURO (67.457,09 €.), cantidade que se pode obter por bolsa de vinculación de créditos ou por transferencia de créditos que non requira aprobación plenaria.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que van votar a favor, dado o informe do responsable da Policía Local.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que está a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que están a favor. Sobre o que vén de dicir o Alcalde, as veces que el dixó o de Pacadar. Nunha moción na que todos estamos de acordo, e vén con iso. Lamento neste asunto a falta de previsión.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que está a favor.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que a falta de previsión ás veces é positiva, como o da Volta Ciclista, aínda que haxa máis horas extra. O de Pacadar cando queira explícollo, e eu non gobernaba. Era máis real que as obras do Porto Seco. Está o expediente coa compra do terreo pola Deputación e coa fianza e non foi posible despois por non haber depuración.

5. MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO DE 2019 DA ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO RESPECTO AO CALENDARIO FISCAL E A DOMICILIACIÓNS.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Respecto da Ordenanza Fiscal Xeral dos Ingresos Municipais modifícase o calendario fiscal para o exercicio 2019.

Logo de comprobar, os informes da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

O Pleno Municipal, previo ditame da Comisión informativa correspondente, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente as modificacións das seguintes Ordenanzas Fiscais:

1.1) ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

A) Modificar artigo 13 “Calendario Fiscal” - Períodos de cobro Tributos.
Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a . Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	12/04/2019	12/06/2019
b . Imposto de Bens Inmóbles	Anual	05/08/2019	07/10/2019
c . Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	16/08/2019	16/10/2018
d . Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2018	26/02/2019	26/04/2019
	1º bimestre 2019	26/04/2019	26/06/2019
	2º bimestre 2019	26/06/2019	26/08/2019
	3º bimestre 2019	26/08/2019	28/10/2019
	4º bimestre 2019	25/10/2019	26/12/2019
	5º bimestre 2019	26/12/2020	26/02/2020
e . Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	2ª fracción curso 2018/2019	05/03/2019	06/05/2019
	1ª fracción curso 2019/2020	24/10/2019	24/12/2019
f . Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2018	31/12/2018	28/02/2019
	1º bimestre 2019	28/02/2019	30/04/2019
	2º bimestre 2019	30/04/2019	01/07/2019
	3º bimestre 2019	28/06/2018	30/08/2019

	4º bimestre 2019	30/08/2019	31/10/2019
	5º bimestre 2019	31/10/2019	31/12/2019
Resto de taxas		20/09/2019	20/11/2019

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

B) Modificar penúltimo parágrafo do artigo 14 “Domiciliacións”. Actualización da data de cargo dos recibos do imposto sobre bens inmoables fraccionados en dous períodos (60% e 40%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO- 14 DOMICILIACIONES

(...)

A domiciliación do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5.08.2019 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo

(...)

SEGUNDO.- Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2019 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que anuncia o voto a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que tamén a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que no que atinxe a isto, a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que está a favor.

6. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE TRIBUTOS PARA O EXERCICIO DE 2019.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

“Logo de comprobar as obrigas contractuais que ten o Concello coas empresas que prestan os servizos de Recollida, Tratamento e Eliminación de Lixo , abastecemento de auga, prestación se servizos rede de sumidoiros e depuración e utilización piscina municipal faise necesario incrementar as tarifas en concordancia ao IPC.

Modifícase a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal condución de cadáveres e outros servizos fúnebres, concretamente a cota tributaria establecida para as atencións ao cemiterio, quedando establecida nunha cota anual de 5,00€ e as transmisións, quedando establecidas na metade das porcentaxes actuais.

Logo de comprobar, os informes da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Centrais, **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar os seguintes **ACORDOS**:

“PRIMEIRO.- 1.1) ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO

Modificación artigo 6 “Cota Tributaria”. Incremento 85% do IPC (2,3%)= (1,96%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

DESCRICIÓN	Importe € / bimestre
Vivendas	
Zona Urbana	13,09 €
Zona Rural	6,56 €
Actividades	
Locais sen actividade	13,09 €

Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677

Ata 20 m ²	30,54 €
De 21 m ² a 100 m ²	45,82 €
De 101 m ² a 200 m ²	61,09 €
De 201 m ² a 400 m ²	91,64 €
De 401 m ² a 1000 m ²	137,45 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	76,36 €

Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969

Ata 100 m ²	47,13 €
De 101 m ² a 200 m ²	70,70 €
De 201 m ² a 400 m ²	117,82 €
De 401 m ² a 1000 m ²	164,96 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	94,26 €

Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares

No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662

Ata 20 m ²	36,65 €
De 21 m ² a 100 m ²	54,98 €
De 101 m ² a 200 m ²	73,31 €
De 201 m ² a 400 m ²	109,96 €
De 401 m ² a 1000 m ²	164,95 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	91,64 €

Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951

Con servizo de restaurante, bar ou cafetería	
Ata 100 m ²	20,17 €
De 101 m ² a 200 m ²	30,24 €
De 201 m ² a 400 m ²	50,40 €
De 401 m ² a 1000 m ²	70,56 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	40,31 €
Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería	

Ata 100 m ²	18,32 €
De 101 m ² a 200 m ²	27,49 €
De 201 m ² a 400 m ²	45,82 €
De 401 m ² a 1000 m ²	64,14 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	36,65 €

Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699

Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436

Ata 20 m ²	24,44 €
De 21 m ² a 100 m ²	36,65 €
De 101 m ² a 200 m ²	48,87 €
De 201 m ² a 400 m ²	73,31 €
De 401 m ² a 1000 m ²	109,96 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	61,09 €

Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615, 616, - Epígrafes 6171, 6172, 6173, 6175, 6176, 6177, 6178, 6179

Grupos 618, 619, 621, 622, 623, 631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657, 659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76

División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942, 943, 944, 945, 952, 961, 962, 963, 964, 966, 967, 968, 971, 972, 973, 974, 975, 979, 981, 982, 983, 989, 991, 999

Ata 20 m ²	17,45 €
De 21 m ² a 100 m ²	26,15 €
De 101 m ² a 200 m ²	34,88 €
De 201 m ² a 400 m ²	52,33 €
De 401 m ² a 1000 m ²	78,48 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	43,60 €

Outras actividades non tarifadas expresamente

Ata 20 m ²	17,45 €
De 21 m ² a 100 m ²	26,15 €
De 101 m ² a 200 m ²	34,88 €
De 201 m ² a 400 m ²	52,33 €
De 401 m ² a 1000 m ²	78,48 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	43,60 €

Profesionais e artistas
Sección 2ª e 3ª

Profesionais e artistas 15,69 €

1.2) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES

A) Modificar do artigo 6 “Cota Tributaria” a letra C. Atencións ao cemiterio:

Quedando redactado do seguinte xeito:

C. ATENCIÓNS NO CEMITERIO

Por cada sepultura, cabida, oco ou altura, pagarán ao ano 5,00€

B) Modificar do artigo 6 “Cota Tributaria” a letra F. Transmisións:

Quedando redactado do seguinte xeito:

F. TRANSMISIÓNS

1 Entre vivos

Pagarán as mesmas cotas que nas concesións a que se refire o parágrafo correspondente desta tarifa, excepto cando a transmisión sexa entre parentes ós que se refire o número seguinte. Nese caso aplicaranse os dereitos nel regulados.

En todo caso, requírese que a transmisión sexa autorizada pola Corporación no cambio de titular e rexistrada nos libros correspondentes.

2 Por causa de morte

Seguindo as normas do Código Civil para os graos de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción na liña recta ou colateral, pagará sobre a cota por concesións do apartado A) e sobre licencias de obra e instalacións do apartado D) desta tarifa

- 2.1.- Con parentesco de 1º grao 5 por 100
- 2.2.- Con parentesco de 2º grao 15 por 100
- 2.3.- Con parentesco de 3º grao 30 por 100
- 2.4.- Con parentesco de 4º grao 45 por 100

As transmisións entre cónxuxes non pagarán dereito ningún

1.3) ORDENANZA FISCAL 2.9 REGULADORA DO TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

Modificación artigo 5 “Tarifas”. Incremento IPC (2,3%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 5.- TARIFAS

TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

DOMÉSTICOS: Consumo Bloque Único	0,1437 €/m ³
INDUSTRIAL –COMERCIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único	0,2156 €/m ³

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

ABONADOS DOMÉSTICOS	3,12 € / bimestre
ABONADOS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS	6,47 € / bimestre

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas reseñadas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

1.4) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA

Modificación artigo 5 “Tarifas”. Incremento IPC (2,3%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

A. Usos domésticos

A.1.- Consumos entre 0 e 10 m ³ ó bimestre, mínimo tarifado	o m ³ a 0,1796 €
A.2.- Consumos entre 11 e 25 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,2875 €
A.3.- Consumos entre 26 e 50 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,5030 €
A.4.- Consumos de máis de 50 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,7187 €

B. Usos industriais

B.1.- Consumos entre 0 e 10 m ³ ó bimestre, mínimo tarifado	o m ³ a 0,1437€
B.2.-Consumos entre 11 e 80 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,3234 €
B.3.- Consumo entre 81 e 150 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,7905 €
B.4.- Consumos entre 151 e 300 m ³ ó bimestre	o m ³ a 1,0779 €
B.5.- Consumos de máis de 300 m ³ ó bimestre	o m ³ a 1,6888 €

C. Usos especiais

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,3594 € / m³

D. Cota Xeral

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 1,78 € / bimestre
Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

E. Aboados sen contador ou con contador avariado

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre: 107,79 €

Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre: 538,97 €

F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda: 21,55 €

Por cada local de negocio: 28,74 €

G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 7,18 €

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 43,12 €

H. Tarifa especial

Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m³, ó bimestre, mínimo tarifado, o m³ a 0,0431 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

1.5) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS

Modificación artigo 5 “Bases, cotas e tarifas”. Incremento IPC (2,3%)

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -5- BASES, COTAS E TARIFAS

A cota que corresponda abonar pola prestación de cada un dos servizos aos que se refire esta ordenanza determinarase segundo cantidade fixa ou en función dous elementos ou factores que se indican nas normas de aplicación e non cadro de tarifas que se recollen a continuación:

A) MODALIDADE ABONOS

TIPO DE ABONO	€ / Mes	€ / Trimestre	€ / Semestre	€ / Ano
INDIVIDUAL	27,73	77,56	138,74	220,36
UNIDADE FAMILIAR 2 MEMBROS	32,62	89,69	163,14	252,88
UNIDADE FAMILIAR 3 MEMBROS	35,52	101,90	187,64	285,12

UNIDADE FAMILIAR 4 MEMBROS	40,72	114,19	212,09	318,06
UNIDADE FAMILIAR MÁIS DE 4 MEMBROS	44,41	126,41	236,64	349,58
3ª IDADE INDIVIDUAL	16,29	44,79	77,56	120,88
3ª IDADE UNIDADE FAMILIAR 2 MEMBROS	24,50	65,29	114,14	187,64
XOVE	23,19	61,18	105,96	179,36

Unidade familiar: Unidade familiar: TITULAR – CONXUGUE + FILLOS MENORES IDADE

Para a aplicación do criterios aplicables á unidade familiar será necesario a presentación do libro de familia ou ben certificado de parella de feito emitido polo rexistro competente.

3ª Idade: Ter máis de 65 anos

Xove: Ter entre 18 e 25 anos inclusive

Para poder acceder a calquera das modalidades de abono detalladas, será necesario satisfacer previamente unha **MATRICULA** de importe **19,81 €**.

B) MODALIDADE CURSOS

TIPO DE CURSO	TARIFA MENSUAL		TARIFA TRIMESTRAL	
	ABONADO	EVENTUAL	ABONADO	EVENTUAL
NATACIÓN				
BEBÉS			36,68 €	73,35 €
INFANTIL			28,45 €	56,91 €
NENOS			26,77 €	53,54 €
INICIACIÓN A PARTIR 16 ANOS	A		36,68 €	73,35 €
PERFECCIONAMENTO A PARTIR 16 ANOS			36,68 €	73,35 €
NATACIÓN TERAPÉUTICA			36,68 €	73,35 €
NATACIÓN ESCOLAR / ALUMNO			19,69 €	19,69 €
OTROS CURSOS				
AQUAGIM A PARTIR 16 ANOS	A	13,01 €	26,04 €	

ACTIVIDADES DIRIGIDAS EN SECO 13,01 € 26,04 €

Unidade familiar: TITULAR- CONXUGUE+FILLOS MENORES IDADE

Bebes: entre 6 meses e 2 anos **Infantil:** entre 3 e 5 ano **Nenos:** entre 6 e 15 anos

Para acceder a tarifa “abonado” será necesario estar inscrito en calquera das modalidades do apartado “A “ anterior. As tarifas establecidas neste apartado refírense a cursos de 2 días semanais de duración.

No caso de impartirse cursos superiores a 2 días á semana a tarifa a aplicar será o resultado de multiplicar a tarifa diario por os días de duración do curso

c) RESTO ACTIVIDADES

CONCEPTO	TARIFA (€)
ENTRADA ADULTO- partir 18 anos	A 3,80
ENTRADA NENO- INFANTIL	2,21
BONO BAÑOS	10 29,66
BONO BAÑOS	20 53,46

Os bonos de 10 baños terán unha validez de 30 días dende a súa expedición. Os bonos de 20 baños terán unha validez de 45 días dende a súa expedición.

CONCEPTO	ABOADO (€)	EVENTUAL (€)
ALUGUER PISTA TENIS	1,57 €	3,15 €
CLUBES NATACION FEDERADOS	6,39 €	

Para acceder a tarifa “abonado” será necesario estar inscrito en calquera das modalidades do apartado “A“ anterior.

SEGUNDO.- Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2019 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e once votos en contra (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

ACORDO

NON APROBAR A PROPOSTA PRESENTADA NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DE TRIBUTOS PARA O EXERCICIO DE 2019.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que aquí non poden votar a favor. A proposta da Alcaldía é o IPC no lixo, na auga e sumidoiros e na piscina. Alén diso, está a rebaixa no cemiterio. Para nada, outras cousas como o ICIO. Votaremos en contra: primeira razón, segue sen pensar que non ten maioría absoluta; segunda razón, non conta coa oposición. Non sei cantas veces máis lle temos que dicir que rebaixe o IBI. Respecto ao ICIO, está pendente dende outubro de 2017 o 90% de bonificación para fomentar empresas, e seguimos tendo por iso un proxecto pendente. Gustaríame saber a negociación habida cando a moción de D. Emilio José Sánchez, vexo que non prosperou. O do cemiterio, paréceme un insulto á razón. Fixemos un rogo sobre iso e trae unha rebaixa – explica a rebaixa- na que bota man do populismo barato, rebaixando tamén o 50% para quen paga menos do que sería un café ao mes. Se podemos facer iso, por que non podemos bonificar o ICIO? Por que non podemos rebaixar o IBI? E que isto dálle máis votos? Estas son as razóns para votarlle en contra.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que este Grupo nunca pediu directamente a rebaixa do IBI, aínda que apoiase outras solicitudes, porque os ingresos son necesarios, pero estanse a investir en asfaltos e pouco máis, porque non hai proxecto de futuro. Dado que non fan outras cousas, mirar de rebaixar no IBI e no ICIO. Acabo de ver como se tiran os trastos PP e PSOE no de Renfe. Deixen iso. Por desgracia, acertarei no que dixeran do Porto Seco.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di á anterior interveniente que o Porto Seco é importante, non é un tema menor. Dende o Plan de Axuste do anterior goberno, pedíramos a apostila da rebaixa do tipo do IBI cando se puidese. Cada ano dos do actual mandato, temos traído unha proposta a ese efecto. A xente está pagando máis que nunca de contribución. Rebaixar o IBI ao 0,50, compénsase para o Concello co aumento dos valores e favorece aos bolsos ou a algúns deles. Tamén iamos na liña das bonificacións.

(Son as que figuran na emenda repartida durante a sesión polo membro do Grupo D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di o seguinte:

“PROPOÑEMOS AS SEGUINTEs MODIFICACIÓNS SOBRE A PROPOSTA QUE ELEVA AO PLENO O EQUIPO DE GOBERNO:

1º.- SOBRE A ORDENANZA REGULADORA DO IBI, PROPONSE :

- A SUSTITUCIÓN DO TIPO IMPOSITIVO DO 0'605% DO IBI DE URBANA POLO 0'50 %
- EXENCIÓNS: ENGADIR A SEGUINTE EXENCIÓN AS EXISTENTES:

"A superficie dos montes na que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude".

- BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS A ENGADIR AS EXISTENTES:
- BONIFICACIÓN AO AMPARO DO ART. 74.1 LRHL, DO 30% DA COTA ÍNTEGRA DO IMPOSTO, A FAVOR DOS BENS INMOBLES URBÁNS, UBICADOS EN NÚCLEOS RURAIS E DO 50% AOS INMOBLES VINCULADOS A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS, CANDO NON SEXAN BENEFICIARIAS DA BONIFICACIÓN ESTABLECIDA NO ART.73.3 LRHL.
- BONIFICACIÓN DE ATA O 90 % DA CUOTA ÍNTEGRA DO IMPOSTO, SEMPRE QUE O SOLICITEN OS INTERESADOS ANTES DO INICIO DAS OBRAS, NAQUELES INMOBLES QUE SEXAN OBXETO DUNHA ACTIVIDADE CONSTRUCTIVA DE REHABILITACIÓN E MELLORA QUE SEXA DECLARADA DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL, POR CONCURRIR CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAIS, HISTÓRICO ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DO EMPREGO QUE XUSTIFIQUEN TAL DECLARACIÓN, AO AMPARO DO ART. 74.2 quater LRHL., DESDE O PERIODO IMPOSITIVO SEGUINTE AO INICIO DAS OBRAS E ATA O POSTERIOR A SUA FINALIZACIÓN SIN QUE A BONIFICACIÓN POIDA APLICARSE POR MAIS DE TRES PERÍODOS IMPOSITIVOS.
- BONIFICACIÓN ATA O 50% DA CUOTA ÍNTEGRA DO IMPOSTO PARA OS BENS INMOBLES NOS QUE SE TEÑAN INSTALADO SISTEMAS DE APROVEITAMENTO TÉRMICO OU ELECTRICO DE ENERXÍA SOLAR, QUE INCLÚAN COLECTORES HOMOLOGADOS POLA ADMINISTRACIÓN, SEMPRE QUE O SOLICITEN OS INTERESADOS ANTES DO INICIO DAS OBRAS E DESDE O PERIODO IMPOSITIVO SEGUINTE AO INICIO DAS OBRAS E ATA O POSTERIOR A SUA FINALIZACIÓN SIN QUE A BONIFICACIÓN POIDA APLICARSE POR MAIS DE DOUS PERÍODOS IMPOSITIVOS.

2º.- SOBRE A A ORDENANZA REGULADORA DO I.I.V.T.N.U., PROPONSE:

- ART. 5. BONIFICACIÓNS:
 - 1) QUE SE ENGADA NO PUNTO 1: NAS TRASMISIÓNS DE TERREOS E NA TRANSMISIÓNS OU CONSTITUCIÓN DE DEREITOS REAIS DE GOCE LIMITATIVOS DE DOMINIO.....

2) ENGADEGA DAS SEGUINTE BONIFICACIÓNS: CON ARREGLO AO ESTABLECIDO NO ART. 108 5 DO RD.L. 2/2004

BONIFICACIÓN DO 50% DA CUOTA INTEGRAL DO IMPOSTO NAS TRASMISIÓNS DE TERREOS E NA TRANSMISIÓN OU CONSTITUCIÓN DE DEREITOS REAIS DE GOCE LIMITATIVOS DO DOMINIO DE TERREOS SOBRE OS QUE SE DESENGOLEN ACTIVIDADES ECONÓMICAS QUE SEXAN DECLARADAS DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL POR CONCURRIR CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAIS, HISTÓRICAS ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DO EMPREGO, QUE XUSTIFIQUEN TAL DECLARACIÓN, CORRESPONDENDO DITA DECLARACIÓN AO PLENO DA CORPORACIÓN, E ACORDARASE PREVIA SOLICITUDE DO SUXEITO PASIVO, POR VOTO FAVORABLE DA MAIORÍA SIMPLE DOS SEUS MEMBROS.

3º.- MODIFICAR A ORDENANZA REGULADORA DO ICIO.

- INCREMENTANDO AS BONIFICACIÓNS ESTABLECIDAS NOS APARTADOS

a) e mais e) do art. 7 da ordenanza reguladora do ICIO, a fin de incrementar a porcentaxe da bonificación do 30 ao 90% en ámbolos dous casos, de maneira que queden redactados da seguinte maneira:

a) 90% na cota de imposto polas obras de rehabilitación realizadas dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos

e) 90% na cota do imposto polas demais obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, a solicitude dos interesados mediante memoria xustificativa en apoio de tal prestación. As bonificacións deberán solicitarse simultaneamente á solicitude da licenza de obras, achegando a documentación que acredite a concorrencia das circunstancias que dean dereito as mesmas. O recoñecemento das bonificacións aludidas corresponderá ao Pleno, co voto da maioría simple dos seus membros, sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto por non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas".

- INCORPORANDO A SEGUINTE BONIFICACIÓN:

f) Gozarán dunha bonificación do 90% na cota do imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as construcións, instalacións e obras realizadas sobre edificacións existentes, que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" por iren destinadas ou implicar a eliminación de barreiras arquitectónicas. Esta bonificación aplicarase de forma exclusiva sobre o importe da cota que resulte de multiplicar o presuposto de execución material das obras especificamente destinadas á eliminación de barreiras arquitectónicas polo tipo impositivo.")

Ningunha destas bonificacións foron atendidas nunca. Parécelle mal que a xente rehabilite? Parécelle mal un proxecto como o de Prodeme? Vostede vén coa actitude de subir o IPC comprometido e como carameliño a rebaixa do cemiterio, pouca repercusión ten esta taxa, que si a ten o IBI. Faga como en Sober, que mercan casas e ofrécenllas á xente, contribuindo á demografía e a rehabilitar. Vostede non escoita a ninguén e só inviste en asfalto. Como quere que lle aprobemos isto? Se acepta esta emenda nosa, apoiaremos o que trae; se non, non.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que son partidarios de baixar, non tanto ao mellor como a emenda do PP, pero si de forma gradual. Traemos dúas emendas.

(Son as seguintes, repartidas ao inicio da sesión:

“- Que no artigo 7, (Bonificacións), apartado E, se produza un cambio nas bonificacións na cota do imposto polas obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, históricas artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen, pasando dun 30% a un 90%.”

“- Que na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización da piscina municipal, no artigo 5 (Bases, Contas e Tarifas), no apartado a) Modalidade de abonos), apareza un novo tipo de abono, dirixido ás persoas dependentes e aos seus acompañantes, sendo o prezo do abono o 50% do prezo do abono individual (13,86).”)

Lembrar que se nos votou polos demais en contra do que adiantamos sobre o ICIO e que figura na primeira das emendas. A outra emenda é un novo abono na piscina municipal. Compartimos cousas do PP, outras deberían quedar para mellor estudo. Como dixo Esperta Monforte, tan importante é recadar como en que se gasta. Antes de anunciar o voto, imos agardar ao que diga o grupo de goberno sobre as nosas emendas. Dille a Dna. Pilar López que non se deron as circunstancias para a negociación, o que lamentamos.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que o equipo de goberno tomou a decisión de reducir a fiscalidade do cemiterio. O resto das ordenanzas están conxeladas, igual que en anos anteriores, agás os IPCs comprometidos en contrato, salvo que se queira incorrer en déficit por iso. Os tres contratos veñen de mandatos anteriores, nós queremos cumprilos. Todo o demais queda conxelado e o cemiterio rebaixado. No conxunto do actual mandato, reduciuse a presión fiscal, é menor en 2019 que en 2015. Este mandato vai rematar cos monfortinos pagando menos que cando empezamos en 2015. O IBI subiuno o goberno de España -Rajoy e Montoro-, aplicouno o anterior goberno municipal, e queren que nós o baixemos, cando nada fixemos sobre iso. As facturas tamén é necesario pagalas agora. A rebaixa do IBI que formula o PP supón 600.000 euros menos. Hai que saber o que se propón cando se di que o tipo sexa do 0,50%, iso é deixar de investir, e están as festas e o aumento necesario na axuda a domicilio. Mire onde gobernan, como en Mos, a como están pagando. Crerán que iso é ser responsable. Imos seguir mellorando os servizos sociais, imos seguir investindo, imos seguir coas festas patronais. Se o Catastro modificase os valores catastrais, poderíamos tocar o IBI, pero non imos poñer en perigo a estabilidade económica do Concello.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que no cemiterio, o problema non está na taxa de mantemento, dez euros ao ano, menos dun café ao mes. O problema está na transmisión, a xente non fai o cambio e temos titularidades non postas ao día, temos que facilitalo. Di o Alcalde que somos inconscientes pedindo a rebaixa do IBI. Eu son consciente, a miña rebaixa é de 150.000 euros, igual ao incremento por maior recadación, porque agora máis persoas pagan por bens que estaban agochados. Iso de que non se pode, dio vostede, pero eu xa non lle creo. Vostede non quere oír, goberna como se tivese maioría absoluta, despreza a toda a oposición. Dille a D. Emilio José Sánchez que claro que non se

daban as circunstancias. Votámoslle en contra porque non era o momento, as modificacións teñen o seu momento do ano. Eu xa non cría nesa negociación.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di a D. Emilio José Sánchez que aquela baixada do ICIO tiña relación con Prodeme, presentábaa para 2019 fóra de data. Polo que se ve, xa non hai nada agora. Dille ao Sr. Alcalde que as festas pódense facer con menos diñeiro. Para investimentos, ten moito remanente. Cada un fai o que considera, o que vostede fai non é futuro para Monforte. Votaremos en contra.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Sr. Alcalde que non votou en contra da subida para o cemiterio, o único foi o PP. Volve outra vez con Montoro, foi necesario sanear o que vostedes deixaran. Xa tivo catro oportunidades, non é verdade que rebaixase a carga fiscal. Vén co medo, non é certo o de 600.000 euros menos. Mire canto se ten que liquidar e reclame os catro anos anteriores, todo iso vai ás arcas do Concello, por iso aumenta o orzamento. Moitos concellos do noso arredor teñen baixao o tipo do IBI. O equipo de goberno anterior tñiao fixado no 0,45 %. Vostede di que rebaixa a presión fiscal, o que fai é enterralo todo en asfalto. O que hai que facer é xestionar doutra maneira. Acepte a emenda e aprobaremos o expediente; se non, non.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que vai esperar a ver se aceptan as emendas do seu Grupo. Sobre que para aquilo non era o momento, o equipo de goberno abstívose, pensaron se aquela votación en contra foi impedir o intento? Queriamos o compromiso de todos e non foi así. Intentámolo e lamento que non estea aquí, e por iso a emenda que traemos. Para facilitar as acción das asociacións, aquela e outras. O noso voto irá ligado a se se acepta ou non algunha das nosas emendas.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Pilar López que xa imaxinaba que ía votar en contra. Vostede decidiu subir o cemiterio e nós baixalo. Xa está no ICIO o 95% de bonificación. Votando en contra prexudican aos monfortinos. Parécelle mal o do cemiterio, pero non baixar o IBI. Dille a Dna. Maribel García se é que non quere ver, hai máis proxectos que os de asfaltos. Ten despois unha pregunta na que me pide que asfalte. Dille a Dna. Julia Rodríguez que quere a rebaixa do IBI porque ten mala conciencia pola subida feita polo seu partido. Coa rebaixa que propón –a campaña é vostede quen a fai- en números redondos son 3.600.000 euros de ingreso, dividido por 60 do actual tipo e multiplicado por 10 de baixa: 600.000 euros. Aínda se fixese grandes obras, me di. Hai obras que non son asfalto. Votou en contra en marzo da rebaixa do ICIO proposta polo BNG. Dille a D. Emilio José Sánchez que para a piscina non chegan os ingresos, o contrato está como está. Sobre a bonificación do ICIO, xa está na Ordenanza o 95% para empresas e creación de emprego, non é o caso de persoas asistidas. Non se pode beneficiar a especulación, a Xunta non convenía eses edificios, por algo será.

7. ADHESIÓN Á “ASOCIACIÓN DE CASTILLOS Y PALACIOS TURÍSTICOS DE ESPAÑA”.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau, Dna. Marina Douton Rajo, Dna. Pilar Espinosa Novelle e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Vista a documentación recibida da “Asociación de Castillos y Palacios Turísticos de España”, considerando acertado incorporar a Torre da Homenaxe de Monforte de Lemos, sen prexuízo de facelo con outros monumentos no futuro, ao Produto de Turismo Cultural promovido por dita Asociación e a Secretaría de Estado de Turismo,

Tendo en conta o artigo 22.2.b) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúe ao Pleno os acordos relativos á participación en organización supramunicipais,

O Pleno, por dezaseis votos a favor (Grupos Socialista, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e un voto en contra (Grupo do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Monforte de Lemos á “*ASOCIACIÓN DE CASTILLOS Y PALACIOS TURÍSTICOS DE ESPAÑA*”, incorporando inicialmente a Torre da Homenaxe de Monforte de Lemos ao “*CLUB DE PRODUCTO DE TURISMO CULTURAL DE CASTILLOS Y PALACIOS DE ESPAÑA*”.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para os trámites necesarios para levar a termo a adhesión acordada.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que o problema é a prepotencia do Alcalde. Cre que está no dereito de chamarnos a atención e el é o primeiro que falta ao respecto. (O Sr. Alcalde advírtelle ao público que non pode facer manifestacións, se non habería que desaloxar a sala). Tivo ocasión de rebaixar o IBI tres anos e sempre se escuda no de antes. Teña a coraxe de dicir que non lle sae dos seus adentros. Dille a D. Emilio José Sánchez sobre que se non se actuou no ICIO, foi por ter votado en contra en marzo, que ou é un inocente ou quere facela parva, o importante é a proposta de hoxe. O noso voto é a favor nesta proposta que nos ocupa. (Di o Sr. Alcalde que que distintos conceptos de respecto hai, cando se lle bota a bronca ao do lado).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que lle di ao Sr. Alcalde que quen quere respecto, ten que respectar. Con diñeiro propio, o que queiran; con diñeiro público, non. Voto a favor deste punto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que cando o público aplaude, como cambiou o conto. Eu teño sido obxecto de crítica, e vostede (polo Alcalde) nunca abriu a boca. Agora moléstalle. Di que o ICIO está solucionado e que hai cousas que non se poden facer. Sabe que non está no certo. Non engane aos veciños. A maior falta de respecto é enganar á xente. Esta proposta paréceme ben. Non me parece ben que as iniciativas sobre limpeza da muralla non as aceptase. Vostede votou en contra mesmo para o que é claro que é municipal e non pediu o 1% cultural. Si a esta adhesión, pero hai que poñer en valor o noso patrimonio. Esta cidade merece máis que asfaltos. A oportunidade os monfortinos déronlla, pero pouco viu se só asfalta.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que lle di a Dna. Pilar López que el estivo a favor e ela en contra, esa foi a matemática que houbo. Parece que son o único que non lle vexo vantaxes ao que se propón. Está ben o dos nosos recursos, pero hai varias notas que non vexo claras: o recoñecemento do produto xa era sen esta adhesión, xa participamos en feiras, só faltaría non participar nas asembleas sendo socios. Se temos á Secretaría de Estado de Turismo e a Turespaña, por que temos que estar cos privados? Para adherirse fan falta estatutos, aquí non os temos. Son 400 euros por socio e 1.200 polo produto, pola Torre? Por calquera outro monumento, outros 1.200 euros? Sobre que sexa privado, segundo a frase referida polo representante da Plataforma ferroviaria, o público é privado levan camiños distintos. Lamento non poder coincidir co resto.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que el non era Alcalde e non tiña que ver co ambiente hostil cara a ela. O de enganar ou non, xa o saberán os veciños. O da muralla, está cedida á Xunta. Xa veremos o que din os monfortinos sobre a oportunidade que me deron.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que está desolado. Non importa o dos castelos, salvo a Emilio José, aínda que sexa para votar en contra. Vexo un mitin do PP e outro da non adscrita. O equipo de goberno cre que debemos estar presentes en iniciativas coma esta. Estivemos sobre isto en Albacete. Parécenos que pode ser útil, beneficiándose Monforte do que faga a Asociación. Pedimos o voto a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que xa dixeron que están a favor.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que se refire ao dito por D. Iban Torres de que está desolado porque os castelos non importan e que é un mitin. Di o Alcalde que a muralla está cedida, iso é o que lle importa. Falamos do noso patrimonio. Non entro nas disquisicións do BNG sobre o custo; se nos promocionan, está ben.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que xa expresou o seu pensamento. Para a limpeza da muralla, non fai falta esta Asociación.

(D. Iban Torres Rodríguez renuncia á segunda quenda).

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O REQUIRIMENTO A AQUALIA FCC PARA QUE CUMPRE CO HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO COMPROMETIDO NO CONTRATO.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez, D. Emilio José Sánchez Iglesias, Dna. Pilar Espinosa Novelle e Dna. Pilar López Martínez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que a explotación do servizo público municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, foi obxecto de concesión administrativa, resultando adxudicataria de ambos a empresa Seragua, -hoxe AQUALIA-FCC, con arreglo aos pregos de condicións e á oferta da empresa según acordo plenario de 30.4.2001.

2.- E sabido que este grupo ten formulado infinidade de iniciativas relacionadas con que se lle esixa a esta concesionaria o cumprimento do contrato ao que ven obrigada a empresa, resultando todas infrutuosas. Os incumprimentos son de todo tipo, en materia de localización e eliminación de fugas, en materia de vixianza e control de verquidos, de limpeza de sumidoiros, de execución das melloras que tiña comprometidas, de reparación de avarías etc.

Nas moitas iniciativas que este grupo ten levado a pleno para instar ao Alcalde e o equipo de goberno que esixa a esta concesionaria que cumpra coas súas obrigas, sempre se inclúe entre outros incumprimentos, o do horario da atención ao público da oficina de Aqualia.

3.- A oficina permanece aberta ao público de 9 a 13 horas.

O contrato indica: “*ATENCIÓN OFICINA: LUNES a VIERNES* De 09 h. a 14 h. * De 16 h. a 19 h.*”

Inda que o contrato sinala o carácter orientativo do horario e que poderá ser modificado de acordo as características particulares do servizo, é evidente que non estamos ante unha modificación horaria, senón ante unha supresión, da metade da xornada. A concesionaria está ofrecendo catro horas de atención ao público cando ten contratadas 8 horas, de mañá e de tarde.

4.- O prego de condicións aprobado no seu día, no que se recolle, xunto coa oferta presentada por Aqualia, as obrigas da concesionaria, regula tamén as sancións polo seu incumprimento. De feito, o art. 47.2.k/ do prego de condicións, sinala como infraccións graves “*DESOSBEDECER EL REQUERIMIENTO QUE SE LE FORMULA DE MANTENER ABIERTA LA OFICINA DE ATENCIÓN AL PÚBLICO DURANTE EL NORMAL HORARIO DE ESTE DESPACHO*”

O problema ao que nos enfrentamos, é que o Alcalde non ten vontade de facerlle cumprir co contrato, e de feito non nos constan requerimentos a empresa neste sentido, nin en consecuencia, expedientes sancionadores por telos desobedecido.

O incumprimento do horario de atención ao público contratado, por parte da concesionaria, repercute nos usuarios de maneira evidente ao dispoñer do servizo a metade de horas a que ven obrigada, e solo en xornada de mañá.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

1.-A requerir á concesionaria do servizo de abastecemento de auga e saneamento, -AQUALIA-FCC, para que cumpra co horario de apertura da oficina de atención ao público que ten comprometido no contrato, de luns a venres, de 9 a 14 horas e de 16 a 19 horas.

2.- A incoar os expedientes sancionadores que procedan, no caso de que a concesionaria desobedezca o requerimento de manter aberta a oficina de atención ao público no horario sinalado.

3.- A determinar os efectos económicos de este incumprimento, consistente en que dende que entrou en vigor o contrato en 2001, ata a actualidade, a oficina de atención ao público, estivo aberta 4 horas diarias e non 8 como establece o contrato, e a formular reclamación polo importe en que se cuantifique ese incumprimento.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica a moción. Temos que requirir e temos que expedientar se non cumpre. Trouxemos dezaoto mocións sobre Aqualia, todas votadas en contra polo Alcalde e o equipo de goberno. Explica os efectos económicos do incumprimento do punto 3 dos acordos da moción. Refírese a unha moción anterior sobre o parque acuático, vendo o beneficio para Cerceda. Tamén estiveron en contra diso. Refírese ás diversas obrigas que a empresa non cumpre.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que unha vez máis, está Aqualia enriba da mesa. Una vez máis, o noso voto é favorable. Solicítase facer cumprir á empresa, de acordo. Debatida está a problemática desta empresa. O da rúa Corredoira, no limbo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que unha vez máis como dixo Pilar López. Cansa, pero o tema non é menor. Imos votar a favor. Cómpre facer cumprir os contratos. A verdade é que non se está a cumprir. Por que non fai as reclamacións a Aqualia, Sr. Tomé? (Dille o Sr. Alcalde que se desconfía del por tres anos, que tería que pensar dos doce anos anteriores?).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que seguimos coa música de Aqualia. Imos apoiar isto. Se no contrato o pon e non se fai, hai que reclamarlle á empresa. Que se abra a oficina esas oito horas. É complicado sancionar, pero polo menos que se faga de aquí para adiante.

(Di o Sr. Alcalde que tal como está a iniciativa sobre as horas, non está nin no contrato nin na oferta).

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que Dna. Julia Rodríguez está obcecada en sacar rédito político do problema que eles crearon. Vén tantos anos despois con propostas non razoables e non deixa solucionar. Nós temos as cousas claras e solucionáremolo, terá que ser evidentemente sen a súa axuda. Estaremos por cumprir, pero non atopamos nin no contrato nin na oferta o que vostede di. O punto 3 dos acordos da moción é imposible. Ímonos abster.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que é do PP, pero é monfortina. Por riba das miñas siglas, está a miña cidade. Se alguén do PP próximo a Tomé, está enfadado, síntoo por eles. Eu traerei o que faga falta. Onde estaba o Tomé Tenente de Alcalde cando desapareceu a oferta? Anuncio xa outra moción para o vindeiro mes. O Concello de Arteixo obtivo dunha sentenza contra Aqualia 12,8 millóns de euros, como perda patrimonial por sete anos sen mantemento. Dende que cheguei, saquei e seguirei sacando á luz todo isto. (Dille o Sr. Alcalde que non o mesture nos problemas do seu partido).

(Dna. Pilar López Martínez renuncia á segunda quenda).

De Dna. Maribel García Díaz, que di que que fixo unha pregunta e o Alcalde respondeu que non criticaba o dos anos anteriores. Ten un lapsus de memoria sobre o que teño dito de que este contrato é unha desgraza dende o seu nacemento. A primeira desgraza foi o contrato que fixo o PP; a segunda desgraza, a desaparición da oferta. Pero agora temos o contrato e a totalidade da oferta, hai que reclamar todo o que corresponde. Quedoulle claro que hai para todos? (Dille o Sr. Alcalde que se o ofende e segue nesa liña, terá que dicilo noutro lugar, o de que el poida ter algo con Aqualia).

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que acaba de votar en contra das ordenanzas fiscais, en contra do IPC cumprindo o contrato. O que está a suceder aquí leva xa tempo e o seu partido algo tivo que ver. Traia vostede a Aqualia as veces que queira e eu direille que o PP creou o problema. Pode falar de Arteixo, en Monforte opúxose a reclamar tres millóns e medio de euros, desa perda terá que responder. A xente distingue os intereses xerais e esa praxe súa do rédito político. O de vostede só é mitin.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di a D. Iban Torres que para estar aburrido co tema, está moi alterado. O que dixo Maribel García duns e doutros, pero despois de catro anos, non é que non deixásemos que vostedes resolvesen, o que fixemos foi evitar un gol pola escuadra. O que está no fondo da cuestión é que a empresa quere quitarse de enriba as melloras. Perdeu aquela sentenza e retirou a outra, a estas alturas non están en disposición de dar leccións a ninguén. Eu non teño ningunha responsabilidade no de Aqualia e podo dicir o que considero. Di que nas ordenanzas ía o IPC, por que iso e non apoia o cumprimento das obrigas? Se se abstén polo punto 3, tenmo que explicar.

Do Sr. Alcalde, que di que el defende os intereses de Monforte. Non pode darme leccións. As cousas non se predicán, fanse. Eu téño feito por Monforte, por riba do partido e da política.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó ARRANXO E POSTA EN VALOR DO MERCADO GANDEIRO.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Manuel Jesús López Sánchez e D. Francisco José Cela Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á día de hoxe as instalacións do Mercado Gandeiro de Monforte, en especial as naves adicadas á compra-venda e exposición de gando, presentan un grave deterioro. O teito amosa deficiencias tales como partes da cuberta rotas e estragadas, as humidades son visibles nas paredes así como no estado do chan. Este lugar foi e podería voltar a ser unha importante oportunidade de incentivo para o sector agro-gandeiro, e por extensión para o rural, algo polo que todos deberíamos loitar.

Os días feirados en Monforte son como todos sabemos o 6, 16, 24 e o 30 de cada mes, algunhas destas datas xa se foron perdendo por falta de afluencia, algo que deberíamos recuperar na medida do posible, para iso é importante acondicionar o recinto, que xunto a un programa de actividades axeitado e unha reorganización do espazo.

Esta reorganización do espazo tería que ser obxecto de estudo para poder aproveitar estas naves, agora case baleiras os días de feira, para que os feirantes que actualmente se instalan no aparcadoiro poidesen desenrolar as súas actividades nun sitio á cuberto, paliando así as inclemencias meteorolóxicas, e tamén para as persoas que acudan á feira. Incidindo este acondicionamento nunha mellor regulación do tráfico naquela zona os días feirados.

Porén, o Pleno, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ó Goberno a:

- Reparación da naves existentes, realizada con fondos propios do Concello ou por aportes doutras administracións.
- Facer un estudio para modificar a actual estrutura da feira.
- Creación e xestión dun programa de actividades encamiñadas á potenciación do sector agro-gandeiro da zona.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción e o que nela se solicita, con explicacións adicionais de cousas que se poden facer.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que pode contar co seu voto a favor. Seguimos agardando pola ordenanza que regule a feira e o mercadiño do Parque dos Condes. En 2016 fixemos unha moción sobre iso. En 2015 deixamos un proxecto feito en parte. Tivemos unha reunión e non volvemos saber nada. A ver se se fai a ordenanza e o que con acerto se pide na moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é pena que non se poña en valor o mercado. Voto a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que no anterior mandato, fixo o PP iniciativas para recuperar o espazo do mercado gandeiro. Criamos en algo máis ambicioso, é un espazo con moitas posibilidades. Houbo aquel proxecto ao final do mandato, demostrábase que aprazar a outro mandato é perder o tempo. Pasaron os anos deste mandato e segue igual o regulamento. Imos apoiar esta proposta. Temos a tentación dunha emenda sobre a ordenación. O tempo pasa e o que se fai ben, queda.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di estar de acordo en que son unhas instalacións vellas, por uso e por tempo. Hai xa catro anos dunha reforma incompleta, non afortunada, pero é recente e temos o compromiso de non desfacer o feito. Mantemento si, pero neste mandato abstención á proposta por coherencia.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que agradece aos que apoian esta iniciativa. O punto terceiro do acordo non urxe tanto como a reparación, pero tamén é importante. No sur de Lugo e na provincia de Ourense, non hai unha feira de referencia como as de Castro de Ribeiras de Lea, Silleda ou Amio. O da estruturación é necesario, hai desorde nos postos. Tamén apoiamos o da ordenación. O do mercadiño do Parque dos Condes non está aquí. Agora hai que actuar mesmo para que non se derrube. Espero que se leve adiante.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que a favor, como xa dixo. O importante é que o equipo de goberno teña a vontade de executar o que votamos.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que é certo que se debe facer o que se aproba.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que os mercados gandeiros de Lugo están vinculados a unha cidade gandeira e é importante un contexto favorable. Dille a D.Iban Torres que está desolada porque nin desfan nin tampouco fan. Mágoa que non vexamos que se faga. (Dille o Sr. Alcalde que si quedan cousas feitas, outra cousa é que os seus lentes políticos non o vexan. Nós cumprimos o noso programa).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que unha cousa é instar e outra suplir ao goberno. Non cotife as competencias, gane as eleccións, non pode gobernar con cinco concelleiros. Cando instamos ao goberno central e á Xunta, tamén está mal que non cumpran? Como persoa do dereito, debería ter claro o límite das competencias de cada un. Pregúntalle a Dna. Pilar López se a ordenanza é a mesma que eles non fixeron en doce anos ou é que hai unha necesidade que antes non existía. Traiamos o que traiamos, vostede votará en contra.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que reitera o agradecemento. A ordenación do mercado gandeiro ten varias posibilidades. Hai outros mercados e outras reivindicacións, como o transporte nos días de feira para facilitar a asistencia. Reitero que se leve isto a cabo.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó NOMEAMENTO DO SEGUNDO TRAMO DA ROLDA URBANA, COMO 8 DE MARZO.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar Espinosa Novelle e Dna. Alicia Cadarso Palau).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O segundo tramo da rolda urbana, que vai dende a rotonda do Peregrino até a rotonda da rúa Ourense, a día de hoxe carece de nome, son moitas as cidades tanto a nivel galego como a estatal, gobernadas por distintos grupos políticos, as que decidiron no seu momento nomear rúas ou prazas, como 8 de marzo.

Este sería un bo xeito de facer visible o Día Internacional da Muller, non só un día ó ano. Ademais sería outro forma de evidenciar o compromiso deste Concello cara as mulleres e á reivindicación de igualdade dos seus dereitos.

Un nomeamento desta importante e transitada vía como” 8 de marzo”(Día Internacional Da Muller), suporía un acto relevante a ter en conta na celebración desta dato no vindeiro ano.

Porén, o Pleno, por dous votos a favor (Grupos do BNG e de Esperta Monforte) e quince abstencións (Grupos Socialista e do PP e e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ó Goberno Local a que realice as xestións oportunas para que o citado tramo da rolda pase a chamarse “8 de marzo” (Día Internacional Da Muller).”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción. Di que completar a primeira ronda con este nome, sería facelo dun xeito importante.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que lle responde ao Sr. Torres sobre estar en contra de antemán, que recorde o orzamento de 2017 e o voto do Grupo do BNG ao que entón ela representaba. Concordo con que non debería haber 8 de marzo, tódolos días deberían selo. Igual que no caso de María Emilia Casas Baamonde, creo que mellor unha persoa concreta digna diso. Non nos molesta o nome, pero mellor unha muller concreta, algunha proposta hai que é rescatable.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que concorda con que tampouco é o nome que máis lle gusta. O meu Grupo cre que se debe votar a favor. Podería quedar sobre a mesa e buscar consenso. Se non, o noso voto a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que as rúas dedicadas a mulleres, é un modo de poñelas en valor, no seu día houbo unha moción do seu Grupo para priorizar os nomes de mulleres. Non temos a convicción de que 8 de marzo sexa un elemento que destaque, haberá xente que saiba o que representa, pero outra non. Máis que á data, dedicar a rúa a mulleres. Propono deixalo sobre a mesa, no seu día o actual Alcalde estaba de acordo nunha comisión para buscar nome entre todos.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que están por que se traballe previamente ao Pleno, non traelo desta forma. Non nos parece mal 8 de marzo, pero hai que tramitalo doutra maneira. Está a experiencia dun nome que non callou. Ímonos abster.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que probablemente todos podemos pensar en nomes. Isto é por un tema de dignidade. 8 de marzo é un nome que está estendido. Se non se sabe o que significa, é un motivo para darlle ese nome e que se saiba. Repito que é dignificar o papel da muller. Enchésenos a boca coa igualdade. 8 de marzo, porque abrangue a tódalas mulleres. Se queda sobre a mesa, pode valer, pero por min, que se decida.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que comparte o das portavoces de Esperta Monforte e do PP de deixalo sobre a mesa e o que dixo o portavoz do Grupo de goberno, e buscar un nome concreto individualizado.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que ogallá todos soubesen o que representa o 8 de marzo e a vida fose acorde con iso, a triste realidade é que non é así. Que quede sobre a mesa.

(D. Iban Torres Rodríguez renuncia á segunda quenda).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que pregunta se tecnicamente o de quedar enriba da mesa depende del ou se somete a votación.

Do Sr. Alcalde, que di que é o que diga o propoñente. Dille a Dna. Julia Rodríguez que o Secretario intervén se llo pide o Alcalde, non ela.

11. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír as seguintes mocións:

A) MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O RELATIVA Á NECESIDADE DE REGULAR O USO DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL (VMP) DOTADOS DE MOTOR.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. José Luis Losada Fernández).

En base á moción presentada, acórdase o seguinte:

“Como é ben sabido nos últimos tempos están a proliferar polas rúas monfortinas o emprego de vehículos de mobilidade persoal (VMP) dotados de motor que non deberían de exceder de 30km/h e que polo tanto non están dentro da normativa da Lei de Circulación de Tráfico.

Estes vehículos do tipo Seg way, SmartGyro ou Hoverbohard, en definitiva, monopatíns con motor están na súa grande maioría empregando as beirarrúas de xeito que constitúen un risco importante de seguridade, dun xeito especial se pensamos nos máis cativos ou mesmo nas persoas maiores que dunha forma tranquila están a pasear polas beirarrúas e se atopan inesperadamente con estes dispositivos de mobilidade.

Somos conscientes de que temos que estar preparados para írmonos adaptando ás novas tecnoloxías, mais non por iso, debemos de deixar de lado a seguridade vial e a convivencia ordenada e respectuosa cos diferentes modos de mobilidade.

Non son moitos os concellos que presentan esta normativa na actualidade, mais non por iso debemos de agardar eternamente a regular o uso e goce destes aparellos a motor, que, por outra banda, facilitan a conservación do medio ambiente e a desconxestión do tráfico, xa que en moitos casos, evitan o emprego de coches.

Con todo, segundo se publicou nalgún medio de comunicación o pasado mes de setembro, tráfico quere regular o emprego do patinete eléctrico aproveitando a futura reforma da lei de seguridade vial, mais non por iso, o concello debe quedar debuzado agardando a que outras administracións resolvan os problemas de seguridade na cidade, xa que a día de hoxe, a nivel estatal existe unicamente unha Instrución da Dirección Xeral de Tráfico que só trata cuestións secundarias como que estes aparellos non precisan permiso de circulación para seren utilizados, que o seu aseguramento é voluntario e establece unha clasificación dos diferentes tipos que se empregan de xeito habitual.

Somos conscientes de que sería moi recomendable termos ese marco legal de actuación que nos dese seguridade e que permitise manter, modificar ou ampliar o contido da actual ordenanza municipal, mais no entanto non a temos consideramos que, por seguridade da veciñanza, cómpre establecer unhas normas que limiten o emprego destes vehículos VMP.

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO

A que se leve a cabo as modificacións precisas da Ordenanza existente nesta materia ou a que elabore unha nova para que todos teñamos garantidos os nosos dereitos tanto de ser peón como usuario deste tipo de vehículos VMP, tendo en conta, por suposto, os informes pertinentes por parte da Policía Local.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que vota a favor. De maneira xustificada: vin como unha persoa estivo a punto de ser atropelada cando viña rexistrar a miña moción. Deberemos facer prevención diso.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que lle parece grave o que acaba de acontecer. Cando alguén solicita que informe o Secretario, vostede (polo Alcalde) decide sen iso. Total, di, é un tema de instar. Dá igual. Un pouco de respecto. Eu vexo que no artigo 38 da Ordenanza de Tráfico está isto. Le o artigo, que ten dous puntos. Gustaríame que se especificase o que pretende que se regule concretamente.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que o de respecto que o mire no diccionario. Lea o ROF. O que quere é armar bulla. Vostede como deputada non pode dirixirse ao oficial maior. Non pode obrigar a un Grupo a aceptar unha emenda ou a que quede pendente unha proposta.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que mirarán que se leve a cabo xa que se aprobou. Sobre esta moción, hai cidades que o teñen regulado, Barcelona non sen polémica, Madrid ou Sevilla tamén o estudan. Imos apoiar esta iniciativa por mor da seguridade de usuarios e peóns.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que hai aspectos xa recollidos nos artigos 37 e 38 da Ordenanza municipal. Hai concellos de grandes cidades que están empezando a debatelo. Estando de acordo cara ao futuro, é mellor esperar ao Estado e a regulacións municipais. Tamén se está estudando esixir seguro de responsabilidade. A Dirección Xeral de Tráfico dispuxo o 3 de novembro de 2016 que vaian pola calzada en tanto non se elabore un regulamento. Por eses motivos, ímonos abster.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que a DXT estableceu esa Instrución, e que o seguro a día de hoxe é voluntario. A nosa Ordenanza contempla a beirarrúa como posible, o que pode provocar accidentes. O da beirarrúa non contradi á Instrución da DXT, pero hai que buscar un mecanismo de seguridade para todos. Levamos ano e medio agardando a reforma da lei estatal, a nosa moción é para regular a seguridade. Agardo o voto a favor e que a DXT regule isto canto antes.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que están a favor. O Alcalde inventa e mente. Vou ler o artigo 92 do ROF. Procede a ler o artigo. Que lle podo dicir? Sobre esa actuación súa, insistindo na súa falta de rigor. (O Sr. Alcalde di que di cousas que el non dixo, e volve con outra cousa diferente).

(D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Iban Torres Rodríguez renuncian á segunda quenda).

(Dna. Pilar López di que o colmo é non respectar o ROF: “para chulo, mi pirulo”). (Dna. Maribel García tamén protesta).

B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA SOLICITAR A PROTECCIÓN DA SAÚDE MENTAL E CONTRA O DETERIORO DA SÚA ASISTENCIA PÚBLICA.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

En base á moción presentada, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O estado da atención sanitaria e social da saúde mental en Galicia está nun franco deterioro. Os escasos datos que se dan a coñecer sobre indicadores de saúde da poboación informan dunha evolución negativa, e os informes que proporcionan os profesionais e usuarios dos servizos públicos de saúde mental, debuxan unha realidade asistencial na que se salientan feitos inaceptables.

- CONCÚLCANSE DEREITOS ASISTENCIAIS
- DETERIÓRASE A CALIDADE E COMPROMÉTESE A SEGURIDADE
- DETERIÓRASE O EXERCICIO PROFESIONAL
- QUÉBRASE A EQUIDADE: NOS DOENTES SEN RECURSOS PEOR
- CARÉCESE DE PLANIFICACIÓN, OCÚLTASE INFORMACIÓN E IMPÍDESE A PARTICIPACIÓN

Este estado de cousas enmárcanse nun contexto de funcionamento consistente na redución progresiva de recursos profesionais e materiais, e de carencia dun proxecto público cara o futuro de acción social e sanitaria en saúde mental. Galicia está de novo sen plan específico de saúde mental.

Deste xeito describe a situación o “Movemento Galego para a defensa da saúde mental en Galicia”(MGSM e pola miña parte compartindo totalmente a súa opinión vou a relatar as deficiencias da Unidade de Saúde Mental de Monforte.

O pasado día 10, coincidindo coa celebración do Día Mundial da Saúde Mental escoitáronse moitas boas palabras ao respecto pero a realidade que describen os nosos profesionais é a seguinte:

Temos dous psicólogos: Un para COF (Centro de Orientación Familiar) e outro para todo o resto. Este último recibe consultas de nenos con problemas, persoas maiores doentes de cancro e outras patoloxías crónicas e terminais. A consecuencia de todo isto nos atopamos con:

- Listas de espera importantes para primeira consulta e tamén para o seguimento. Así por exemplo os rapaces que deberían ter un seguimento como mínimo cada 15 días estanse a ver por riba dos dous meses.
- Non se fan reunións cos colexios nin con Servicios Sociais por falta de tempo, polo tanto non se está a facer prevención.
- Non se facilita formación para o equipo.
- Non se fan terapias de grupo, etc.

Temos tamén dous psiquiatras e unha enfermeira e o equipo de continuidade de coidados, composto por unha enfermeira especialista e unha auxiliar que fan o seguimento de toda a Area sanitaria nos domicilios.

Ademáis en Monforte hai unha Asociación de apoio aos doentes mentais, con dous centros de rehabilitación psicosocial e laboral (Monforte e Chantada) que o pasado día 10 nos trasladaron a necesidade de ver a saúde mental sen prexuízos e demandan a colaboración das institucións. Esta asociación sen ánimo de lucro traballa con pacientes tratados na unidade de saúde mental. Como centro de referencia de agudos existe unha unidade en Lugo que como ten denunciado moitas veces o MGSM é insuficiente, sendo preciso hospitalizar no antigo Hospital de Calde, Hospital que na actualidade non está apto nin conta con profesionais adecuados para tratar agudos por ser agora un centro de talleres e rehabilitación.

O deterioro na atención á saúde mental é parte do deterioro sanitario xeral, e ámbolos dous son unha consecuencia do tipo de xestión que se está a facer desta crise económica, e dos recortes de dereitos que estamos a sufrir.

Descrita a realidade da saúde mental na nosa Area é preciso contratar profesionais que permitan dar unha asistencia digna e de calidade

Por todo isto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

- 1) Instar á consellaría de Sanidade-SERGAS a incrementar a unidade de saúde mental coa contratación de: un psicólogo, un psiquiatra e unha Traballadora Social.
- 2) Instar á consellaría de Sanidade- SERGAS á elaboración inmediata dun novo Plan de Saúde Mental, tendo en conta as consideracións do M.G.S.M., por ser a asociación formada por profesionais, doentes e familiares de saúde mental.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción con algunha explicación adicional. O novo Plan de Saúde Mental debía estar en vigor en 2013, estamos en 2018 e non o temos. Esperamos contar co apoio de tódolos grupos.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que a saúde mental é un campo excepcional pola consideración que ten tido e aínda ten. Antes había o internamento psiquiátrico con pouco control e atención. Empezou outra visión da enfermidade mental, con prevención e tratamento precoz. O último plan estratéxico tiña un compromiso para 2013 non elaborado aínda. Está o tema da saúde mental infantil e da adolescencia, que é moi urxente. Hoxe está o adolescente na unidade de adultos, porque non hai unidade específica, agás en Santiago. Pola mellora da saúde mental, a favor da moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que recoñecen a situación dos enfermos e das súas familias. É necesario un labor non só de asistencia –trasládanme que a unidade aquí

está ben dimensionada-, senón en prol da conciencia dos propios enfermos. Ás veces hai xudicialización de condutas que non deben ser punibles. Imos apoiar esta proposta.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que lendo o que di o Movemento Galego para a defensa da saúde mental en Galicia, de acordo co que se expón. Non vou entrar no detalle valorativo da Dra. Cadarso; no punto de vista de mellorar a saúde pública, apoiamos esta iniciativa.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que son importantes as enfermidades mentais. Teñen unha incidencia elevada. Un de cada catro podemos padecelas. Tamén pensamos que o equipo nesta zona é insuficiente. Son un mes e medio ou dous meses para unha primeira cita. Para a psicóloga, a espera é máis elevada. Iso xera unha mala evolución da patoloxía ou ter que ir á privada. Por iso, imos apoiar a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que agradece a tódolos grupos o seu apoio. Está deixada da man de deus a saúde mental. Como a fame se xunta coas ganas de comer, é maior a incidencia en familias desestruturadas. É importante a prevención. Dille a Dna. Julia Rodríguez sobre dimensión adecuada, que o que aquí se está pedindo é o mínimo necesario para unha asistencia digna de calidade. Son importantes os nenos, e tamén as persoas maiores, non ten o Sergas para os de 65 anos e máis unha residencia preparada para iso.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que totalmente de acordo. A situación está clara. Todos vemos déficit de atención da enfermidade mental.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non é tanto o escenario. Apoiaremos esta proposta, porque efectivamente necesítase atención, pero hai que poñer en valor aos profesionais e á Asociación Albores. O voto é a favor, porque sempre se pode mellorar.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, que di estar de acordo co dito por Esperta Monforte.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que non hai esaxeración no que dixo. Non sei cando puido interpretar que infravalorase aos profesionais; de ningunha maneira, son eles os que reivindicán. Tamén valoro a Albores. Se todos estamos de acordo, hai mecanismos para isto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

12. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 24.09.2018, de 03.10.2018, e de 22.10.2018 –dous-) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

13. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE REXISTRADA DE ENTRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2018. Formúlaa a portavoz de Grupo, Dna. Maribel García Díaz.

“Fai un tempo foi asfaltada a Rúa Ramón Piñeiro desde a CG-2-2 (coñecida como a “*carretera da feira*”) ata a entrada da primeira casa á esquerda.

Recentemente esta mesma rúa foi asfaltada desde a “*carretera do canal*” ata o cruce da rúa Ramón Piñeiro con Travesía das Américas, deixando exactamente 200 metros sin asfaltar.

Chama a atención este feito, pois de tela asfaltado enteira serviría para aliviar a circulación da CG-2-2.

(Inclúe foto-plano de situación).

Por eso preguntamos e rogamos:

Cal é o motivo de deixar esos 200 metros sen asfaltar?.

E en todo caso, rogamos que se proceda a súa mellora.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Vendo o plano xa se ve que a rúa Ramón Piñeiro non linda co corredor C.G.2.2. A estrada da feira é outra diferente, a de Luis Moure Mariño ou estrada de Currelos. Antes de nós gobernar, asfaltouse ata unha casa, non se viu máis necesidade. A rúa Ramón Piñeiro deixouse sen asfaltar. Nós asfaltamos dende a rúa Manuel Murguía ata a avenida de América, que foi o que nos pediron os veciños. Normal sería que estes á parte de a vostede tamén se dirixiran ao equipo de goberno. Chama a atención o que di de aliviar a circulación da C.G.2.2, porque a rúa Ramón Piñeiro non serve para aliviar o Corredor. É broma que veña pedindo asfaltos, cando anda sempre criticando os asfaltos.

(Durante a resposta do Sr. Alcalde, ausentouse e reincorporouse D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez).

2º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PRESENTADA POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2018. Formúlaa a portavoz de Grupo, Dna. Julia Rodríguez Barreira.

“No Concello de Monforte existen multitude de castros, en Baamorto e Cinsa, Caneda, Fabeiro, Chavaga, Fiolleda, Marcelle, o de San Vicente en Monforte, os de Moreda, o das Nocedas, o da Parte, o da Penela, o do Cornao, os de Reigada, Rozavales, o Eivedo, Tor, Sindrán, a Vide, Vilamarín, etc., moitos sen catalogar e sen estar á vista. Un conxunto de poboados fortificados, que dan conta dunha cultura castrexa desenvolvida nas nosas suaves colinas do interior dende finais da Idade de Bronce, e que integran o noso importante patrimonio histórico e cultural.

O Castro de Chavaga, é un destes castros que inda sen estar á vista, a súa orografía e a memoria popular, dan conta do seu tamaño e da súa importancia. O pasado mes de agosto, unha empresa madeireira retirou a madeira queimada o ano pasado por mor da vaga de lumes. A maquinaria pesada empregada desfixo os muros de pedra do castro de Chavaga, sin que os responsables municipais, -o Concelleiro de obras e o Sr. Tomé que tiveron coñecemento do que estaba acontecendo-, fixeran absolutamente nada para evitar ou minimizar eses danos.

Este grupo tivo oportunidade de comprobar os danos ocasionados polas rodeiras das máquinas na ladeira do monte no que se ubica o castro, e mesmo os que afectaron aos camiños públicos municipais.

Transcurridos dous meses dende que estes danos se teñen producido, e non constando que o Concello teña tomado iniciativa algunha ao respecto, compre preguntar, qué actuacións vai levar a cabo o Concello, para paliar e corrixir os danos ocasionados non Castro de Chavaga e nos camiños municipais desta parroquia, e tamén para evitar outros que poideran ocasionarse no futuro pola mesma causa.

Polo exposto, formúlanse as seguintes preguntas:

-Xa que tiveron coñecemento dos danos que estaban a producirse no castro e nas pistas municipais de Chavaga. Porqué non actuaron para deter esas actuacións?

-Qué medidas teñen tomado dende o equipo de goberno para reclamar a reparación dos danos ocasionados no castro e nas vías municipais de Chavaga?

-Qué medidas pensan tomar para evitar que danos desta natureza volvan a repetirse?

(Sobre esta pregunta dixo o Sr. Alcalde ao comezo deste punto que non cumpriu co prazo regulamentario de presentación para ser contestada nesta sesión. A resposta queda para o próximo Pleno).

(Dña. Julia Rodríguez Barreira fai o rogo de que conste en acta o que sucedeu coas solicitudes de deixar sobre a mesa a moción do BNG do punto 10 da orde do día. O Sr. Alcalde di que nese caso tamén tería que constar en acta o seu punto de vista).

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e seis minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,